



**ACTA DA MESA PARA A CONTRATACIÓN OBRA "ACONDICIONAMENTO E AMPLIACIÓN DE EDIFICACIÓN PARA USO DE COMEDOR ESCOLAR COLEXIO Nº 2 DE TUI", APERTURA SOBRE Nº 2. CRITERIOS CUANTIFICABLES DE FORMA AUTOMÁTICA.**

Na Casa Consistorial do Concello de Tui e ás nove horas e cincuenta e un minutos do día 10 de abril de 2017, constitúese a correspondente MESA DE CONTRATACION, integrada polos seguintes membros.

Asistentes:

- Presidente: Enrique Cabaleiro González, Alcalde-presidente.

-Vogais:

Aitor Iglesias Monzón, interventor do concello.

José Ángel Fernández Rodríguez, secretario accidental do concello.

José Manuel Ferreiroa González, arquitecto técnico municipal.

Secretaria:

Mª Jesús Blanco Martínez, funcionaria do concello.

Non asiste a Concelleira delegada de urbanismo, Dna. Yolanda Rodríguez Rodríguez.

**1.-ANTECEDENTES DO CONTRATO:**

1.- A Mesa de Contratación celebrada con data 30 de marzo de 2017, procedeu á apertura do sobre 1 desta licitación. Se presentan á licitación as seguintes empresas:

- R.E. nº 2155/2017-Covisam Norte, S.L., de Carballo (A Coruña).
- R.E. nº 2183/2017-Construcciones SEOVI, S.L., de Tui (Pontevedra).
- R.E. nº 2199/2017-Servicios Integrales de Gestión y Mantenimiento, S.A. (MANTOTAL), de Llanera (Asturias).
- R.E. nº 2220/2017-Prace Servicios y Obras, S.A., de Ferrol (A Coruña).
- R.E. nº 2226/2017-Castro Figueiro, S.L., de Redondela (Pontevedra).
- R.E. nº 2231/2017-Construcciones y Proyectos Abilleira, S.L., de Ponte Caldelas (Pontevedra).
- R.E. nº 2240/2017-Sitexca 2016, S.L., de Nigrán (Pontevedra).
- R.E. nº 2249/2017-Zona de Obra de O Rosal, S.L., de O Rosal (Pontevedra).
- R.E. nº 2257/2017-Actividades de Construcción Edificación y Viales, S.A., de Pontevedra.
- R.E. nº 2261/2017-Cies Obra Civil, S.L., de Vigo (Pontevedra).
- R.E. nº 2262/2017-Narom, S.L., de O Porriño (Pontevedra).
- R.E. nº 2263/2017-Plaintec Obras y Servicios, S.L., de Tui (Pontevedra).
- R.E. nº 2264/2017-Construcciones Ediserpo, S.L., de Poio (Pontevedra).
- R.E. nº 2268/2017-Construcciones Abal, S.A., de Meis (Pontevedra).
- R.E. nº 2271/2017-Terragua Proyectos y Obras, S.L., de A Coruña.
- R.E. nº 2417/2017-Grupo IAS, de Madrid.

Das empresas presentadas a Mesa acorda requirir ás empresas Servicios Integrales de Gestión y Mantenimiento S.A. (MANTOTAL) e Construcciones Abal S.A., aos efectos de subsanación da cláusula 5ª da declaración responsable presentada.

Con data 03/04/2017 e 05/04/2017 recíbense no Rexistro Xeral do Concello escritos das empresas requiridas.

A Mesa de contratación en sesión non pública valora a documentación presentada e acorda admitir a tódalas empresas presentadas.

2.- Orzamento de licitación do contrato :

Orzamento base: 82.526,50€

IVE 21%: 17.330,56€.

Orzamento total: 99.857,06€

3.- De conformidade co prego de cláusulas administrativas aprobado, se indican os seguintes criterios de adxudicación do contrato, cláusula 16:

**Proposición económica.** Baixas ofertadas sobre o prezo total do contrato, ata un máximo de 50 puntos.

**Melloras.-**

a. **REDUCCIÓN DE PRAZO DE EXECUCIÓN DE OBRA.-** O proxecto contempla un prazo de execución de seis meses, propóndose a valoración da redución de prazo ata un máximo de 3 meses (valorando ata un máximo de 26 puntos pola redución máxima e as restantes valóranse proporcionalmente. **O contratista estará na obriga de presentar coa oferta un programa de traballo diario que xustifique o prazo ofertado e reflecta con total claridade as obras a executar diariamente.**

b. **INCREMENTO DO PRAZO DE GARANTÍA.** O proxecto contempla un prazo de garantía de un (1) ano. Se valorará con **seis (6) puntos por cada ano que se aumente dito prazo, cun máximo de vinte e catro (24) puntos por este aspecto,** é dicir, catro (4) anos a maiores, facendo un total de cinco (5) anos de prazo de garantía.

Antes de proceder á apertura do sobre nº2, por parte da Secretaria da Mesa indica ao público asistente que a Mesa unha vez valorada a documentación achegada polas empresas requiridas para subsanación éstas son finalmente admitidas á licitación.

**2.- APERTURA.-**

Pola Mesa se procede á apertura do sobre nº 2, criterios cuantificables de forma automática, correspondente ás propostas económicas e melloras presentadas polos licitadores, e que se citan a continuación:

EMPRESA	OFERTA ECONÓMICA TOTAL IVE INCLUIDO	REDUCCIÓN PRAZO EXECUCIÓN	INCREMENTO PRAZO GARANTÍA
Covisam Norte S.L.	96.793,95€	Comprométese a reducir a execución en 3 meses	Incrementar 4 anos sobre o mínimo, facendo un total de 5 anos.
Construccionen SEOVI, S.L.	99.857,06€	Redución do prazo de obra nun mes. Prazo de execución queda en 5 meses	Incrementa o prazo 1 ano, fixando un prazo total de 2 anos
Servicios Integrales de Gestión y Mantenimiento S.A.	92.460,64€	Comprométese a realizar a obra en 4,6 meses	Comprométese a incrementar o prazo de garantía en 1 ano, facendo un total de 2 anos.
Prace, Servicios y Obras, S.A.	89.981,20€	Comprométese a reducir a execución en 3 meses	Comprométese a incrementar o prazo de garantía en 4 anos, facendo un total de 5 anos.
Construccionen Castro, S.L.U.	79.785,79€	Comprométese a reducir a execución en 3 meses	Comprométese a incrementar o prazo de garantía en 4 anos, facendo un total de 5 anos.
Construccionen y Proyectos Abilleira S.L.	98.638,81€	Comprométese a reducir a execución en 3 meses	Comprométese a ampliar o prazo de garantía en 48 meses, quedando un prazo total de 60 meses
Sitexca 2016, S.L.U.	78.952,50€	Comprométese a reducir a execución en 3 meses	Comprométese a incrementar o prazo de garantía en 4 anos, facendo un total de 5 anos
Zona de Obra O Rosal S.L.	77.389,23€	Non ofrece redución	Non ofrece incremento garantía
ACEVI S.L.	84.900,00€	Comprométese a reducir a execución en 3 meses	Comprométese a incrementar o prazo de garantía en 4 anos, facendo un total de 5 anos

**EXCMO. CONCELLO DE TUI**

Praza do Concello, nº 1 – 36700 – Tui

Teléf.: 986 603 625 – Fax: 986 604 148

CIES, Obra Civil	77.667,41€	Comprométese a reducir a execución en 3 meses	Comprométese a incrementar o prazo de garantía en 4 anos, facendo un total de 5 anos
NAROM S.L.	92.867,08€	Comprométese a reducir a execución en 3 meses	Comprométese a incrementar o prazo de garantía en 4 anos, facendo un total de 5 anos
PLAINTEC OBRAS Y SERVICIOS S.L.	96.739,79€	Comprométese a reducir a execución en 3 meses	Comprométese a incrementar o prazo de garantía en 4 anos, facendo un total de 5 anos
Constructora EDISERPO, S.L.	86.273,00€	Comprométese a reducir a execución en 3 meses	Comprométese a incrementar o prazo de garantía en 4 anos, facendo un total de 5 anos
Construcciones ABAL S.A.	94.620,44€	Comprométese a reducir a execución en 3 meses	Comprométese a incrementar o prazo de garantía en 4 anos, facendo un total de 5 anos.
TERRAGUA, Proyectos y Obras S.L.	92.697,29€	Comprométese a reducir en 90 días naturais o prazo de execución.	Comprométese a incrementar o prazo de garantía en 4 anos, facendo un total de 5 anos.
GRUPO IAS	84.566,90€	Comprométese a reducir a execución en 3 meses	Comprométese a incrementar o prazo de garantía en 4 anos, facendo un total de 5 anos.
<b>PROMEDIO</b>	<b>89.011,94 €</b>		
<b>LÍMITE BAIXA TEMERARIA</b>	<b>80.110,75 €</b>		

O prego de cláusulas administrativas que rexe a contratación, na cláusula 17º, establece (...) "Considerarase que a oferta contén valores anormais ou desproporcionados nos seguintes casos:

- Se o contrato debe adjudicarse tendo en conta un único criterio de valoración, cando se cumpra o disposto no artigo 85 do Regulamento xeral da LCAP.
- Cando a adjudicación deba facerse tendo en conta máis de un criterio de adjudicación, sempre que o prezo ofertado sexa inferior nun 10% á media do total dos ofertados. Se só existe unha oferta presentada, se considerará anormal ou desproporcional aquela inferior a un 25% do tipo de prezo de licitación.

1.- Á vista do anterior e co obxecto de determinar se a oferta presentada polas empresas que incorren en baixa temeraria pode ser desproporcionada ou anormal, e tendo en conta a regulación establecida ao efecto no art. 152.3 do TRLCSP, a Mesa de Contratación, por unanimidade, **ACORDA:**

*Primeiro.- Solicitar as seguintes empresas:*

- Construcciones Castro Figueiro, S.L.
- Sitexca 2016 S.L.
- Zona de Obra O Rosal, S.L.
- Cies Obra Civil, S.L.

Ao abeiro do que cita o art. 152.3 do TRLCSP, "xustificación da valoración da oferta e precise as condicións da mesma, en particular no que se refire ao aforro que permita o procedemento de execución do contrato, as solucións técnicas adoptadas e as condicións excepcionalmente favorables de que dispoña para executar a prestación, a orixinalidade das prestacións propostas, o respecto das disposicións relativas á protección do emprego e as condicións de traballo vixentes no lugar no que se vaia realizar a prestación, ou a posible obtención dunha axuda do Estado."

Segundo.- Outorgar un prazo de audiencia de cinco días hábiles aos licitadores, por tratarse dun procedemento urxente, aos efectos de presentar a xustificación solicitada, que se presentará no Rexistro Xeral do Concello.

Terceiro.- Unha vez rematado o prazo, proceder a remitir a oferta e xustificación presentada ao técnico municipal para a emisión do informe ao que fai referencia o art. 152.3 do TRLCSP.

De seguido se estende a presente acta, que trala súa lectura é asinada por tódolos asistentes, do que eu secretario accidental, dou fe.

A MESA DE CONTRATACION

O ALCALDE

Asdo.: Enrique Cabaleiro González



A SECRETARIA DA MESA

Asdo.: M<sup>a</sup> Jesús Blanco Martínez

VOGAIS:

O INTERVENTOR

Asdo.: Aitor Iglesias Monzón

O SECRETARIO ACOTAL.

Asdo.: José Ángel Fernández Rodríguez

O ARQUITECTO TÉCNICO MUNICIPAL

Asdo.: José Manuel Ferreiroa González